

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A CASA DE ESPAÑA EN RÍO DE JANEIRO, CO FIN DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO-ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ALÍ RESIDENTE E PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO SOCIAL EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Alex Oreiro Fernández, presidente da entidade Casa de España en Río de Janeiro, Brasil, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 17 de xuño de 2025, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura da presente addenda e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade; en particular, son competencias desta secretaria xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Segundo. O 10 de abril de 2025, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinou un convenio de colaboración coa Casa de España en Río de Janeiro.

Na cláusula primeira do convenio sinálase que o seu obxecto é establecer o marco da colaboración as entidades asinantes para a atención das necesidades socio-

asistenciais básicas da cidadanía galega residente en Río de Janeiro que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teña problemas de autonomía persoal, así como manter unha oficina de información e asesoramento social e colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio-asistencial.

Terceiro. A Casa de España de Río de Janeiro é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como centro colaborador no Rexistro da Galeguidade da Secretaría Xeral da Emigración, que ten como finalidade servir de vínculo entre os membros da comunidade española co obxectivo de manter o recordo das tradicións, o folclore e a cultura, dun xeito especial a galega ao contar con máis de setecentas persoas socias, das que preto do 50% son de orixe galega, polo que está considerada como unha entidade de especial referencia pola poboación galega residente en Río de Janeiro e na súa contorna.

Cuarto. Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de cincuenta mil euros (50.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Na cláusula terceira, obrigas das partes, a Casa de España en Río de Janeiro comprométese a prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración dos resultados desta iniciativa.

Debido a situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo ao aumento do custo dos gastos de funcionamento do centro de día e do punto de información, a Casa de España en Río de Janeiro ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o seu mantemento, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas de orixe galega, é preciso incrementar o importe da achega en 25.000€.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación,

ACORDAN

Cláusula Primeira: incrementar en 25.000€ a achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración prevista na cláusula cuarta, que queda redactada do seguinte xeito no primeiro parágrafo:

“Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de setenta e cinco mil euros (75.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.”

Cláusula segunda: Modificar o prazo de xustificación e o de vixencia recollidos na cláusula oitava parágrafo primeiro, que queda redactada do seguinte xeito:

“A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de decembro de 2025.”

e na cláusula décimo sexta, que queda redactada do seguinte xeito no parágrafo primeiro:

“Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen”.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

O presidente da Casa de España en Río
de Janeiro

José González Vázquez

Alex Oreiro Fernández

